

ORZAMENTOS 2024:

INCREMENTO DO CADRO DE PERSOAL

CIG-Saúde EXIXE que antes da elaboración dos ORZAMENTOS do 2024, se negocie un **SISTEMA IDENTIFICATIVO DO CADRO DE PERSOAL do SERGAS**: fixos/as, interinos/as, temporais cubrindo prazas estruturais, temporais fóra de cadro de persoal, persoal en promoción interna, xubilacións, etc., que permita **identificar as prazas estruturais e analizar as necesidades inmediatas** para incorporalas xa nos orzamentos do ano 2024.

AH

A análise das ratios do persoal de todas as categorías da **Atención Hospitalaria** ten que verse reflectido na consolidación de todas as prazas estruturais existentes e o incremento das prazas necesarias.

AP

As necesidades de persoal contempladas na avaliación de necesidades da implantación das carteiras de servizos de **Atención Primaria** así como do Plan de Ordenación de Recursos Humanos de Atención Primaria deben figurar no incremento do cadro de persoal dos orzamentos 2024.

O obxectivo ten que ser mellorar as condicións de traballo actuais para atraer máis persoal á nosa Sanidade Pública.

